

# As plantas. Palabras sinónimas

1 Observa, le e adiviña quen é cada un.

## No Xardín Botánico

Uxía e os seus amigos visitan o Xardín Botánico. Cando chegan, ela queda encantada diante dunhas papoulas. Gústalle moitísimo!

Martiño, en cambio, prefire os cactus. Hainos de tantas formas diferentes! Algúns, mesmo teñen flores estrañas de cores intensas.

Entrementres, Sara goza do perfume da lavanda. Breixo e Sabela observan uns paxaros que comen amoras das silveiras. E Xoán decidiu descansar un chisco debaixo dun carballo...

E ti, saberías dicir quen é quen?



Sabela



Xoán



Sara



Breixo



Uxía



Martiño



2 Busca no texto anterior e anota os nomes.

- Dúas plantas que pican. ▶ cactus silveiras
- Unha árbore moi grande e frondosa. ▶ carballo
- Unha planta recendente con flores de cor morada. ▶ lavanda
- Unha planta con flores vermellas e talos altos. ▶ papoula



3 Arrodea seguindo o código de cores.

herba

■ fiúncho

■ castiñeiro

■ (roseira)

■ (carpaza)

arbusto

■ xunco

■ (romeu)

■ (salgueiro)

■ (macela)

árbore

■ carballo

■ (trevo)

■ (bidueiro)

■ (silva)

4 Elixe a palabra máis axeitada para completar cada oración.

cortaba • podou • botan • fertilizas • arrincaba • regou



- Marta cortaba unhas dalias mentres  
Alberte arrincaba as malas herbas.



- Onte o avó podou a laranxeira  
e a avoa regou o limoeiro.




- Se fertilizas a terra, as plantas  
medran máis rápido e máis fortes.



- Mariña e Uxío botan algunhas  
sementes de xirasol nun testo.

5 Relaciona os verbos que se refiren á mesma acción.



6 Arrodea catro termos sinónimos que sirvan para designar este home.



# A paisaxe. Palabras antónimas

1 Clasifica as seguintes palabras na táboa.

- pastor
- praia
- bosque
- cantil
- serra
- pescador
- ondas
- socorrista
- ovellas
- lago
- carballos
- gardamontes
- algas
- ferverza
- baía
- golfiños

Montaña		Mar	
Son seres vivos	Son elementos da paisaxe	Son seres vivos	Son elementos da paisaxe
<u>pastor</u>	<u>bosque</u>	<u>pescador</u>	<u>praia</u>
<u>ovellas</u>	<u>serra</u>	<u>socorrista</u>	<u>ondas</u>
<u>carballos</u>	<u>lago</u>	<u>algas</u>	<u>baía</u>
<u>gardabosques</u>	<u>fervenza</u>	<u>golfiños</u>	<u>cantil</u>

2 Completa o texto coa opción axeitada en cada caso.

no río  
no mar

area  
herba

cunchas  
cogomelos

árbore  
parasol

cangrexo  
coello

gaivotas  
aguías



Os Castro foron á montaña. Mentres a avoa senta na herba e vixía os rapaces, que se bañan no río, a nai busca cogomelos, o pai observa o voo das aguías, Truco ládralle a un coello e o avó le o xornal debaixo dunha árbore.

- 3 Agora copia o texto anterior coas palabras que non usaches antes e fai os cambios precisos.



Os Castro foron á praia. Mentres a avoa senta

na area e vixía os rapaces, que se bañan

no mar, a nai busca cunchas, o pai observa

o voo das gaivotas, Truco ládralle a un

cangrexo e o avó le o xornal debaixo dun

parasol.

- 4 Relaciona cada palabra coa súa antónima.

empinado — pelado  
frondoso — estreito  
largo — chan

grande — urbano  
turbio — pequeno  
rural — cristalino

- 5 Completa os ocos cos adxectivos anteriores. Fíxate no xénero e no número.



paisaxe

rural



paisaxe

urbana



camiño empinado

e estreito




camiño chan

e largo



río de augas

turbias



río de augas

cristalinas



árbore pequena

e pelada



árbore grande

e frondosa